



Concello de Vigo

Contratación

PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS MODIFICADO PARA A CONTRATACIÓN POR CONCURSO DA PRESTACIÓN DO SERVICIO PARA A EXECUCIÓN DAS CLAUSULAS 2ª, 3ª, 5ª E 8ª DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO ASINADO O 20-12-2001 NO AMBITO DA PONENCIA DE VALORES PARCIAL DO ANO 2003.

1.- OBXECTO, NATUREZA DO CONTRATO, FORMA E PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN

1º.- É a contratación, mediante concurso aberto, da prestación dos seguintes servicios:

- Tramitación de expedientes de transmisión de dominio.
- Tramitación de expedientes de alteracións de orde física e económica (902 e 902 S).
- Notificación individual de acordos da Xerencia Territorial do catastro tanto os derivados de 901, 902 e 902 S como derivados de procesos de revisión ou modificación e valores.

2º.- A forma e contido da prestación do servizo, obxecto da contratación será a que se especifica no prego de bases técnicas que a tódolos efectos formará parte integrante da presente contratación e prestaranse con arranxo ó prescrito no mesmo.

A natureza do contrato é de prestación de servicios dos previstos no artigo 196 3º do Real decreto legislativo 2/2000 de 16 de xuño.

O contrato inclúe os seguintes produtos e actividades de acordo coa nomenclatura da Clasificación Nacional de Productos por actividades 1996 (CNPA-1996): 75.11.12.30.

3º.- A contratación farase de acordo cos seguintes lotes:

Lote A: Realización dos traballo a que se refire o apartado 1º de esta cláusula respecto dos inmobles situados na zona leste definida na cláusula 1 do prego de condicións técnicas.

Lote B: Realización dos traballo a que se refire o apartado 1º de esta cláusula respecto dos inmobles situados na zona oeste definida na cláusula 1 do prego de condicións técnicas.

2.- PREZO DO CONTRATO

O prezo de licitación para cada un dos lotes e para a totalidade do contrato fíxase en 115.000 co IVE incluído, é dicir un máximo de 230.000 euros para os dous lote e os dous anos de vixencia do contrato



Concello de Vigo Contratación

Este gasto se financiará con cargo á partida 611.02270602 e a bolsa de vinculación xurídica 6110.22 da forma seguinte:

20.000 euros (10.000 por lote) no exercicio presupuestario 2004.
120.000 euros (60.000 por lote) no exercicio presupuestario 2005.
90.000 euros (45.000 por lote) no exercicio presupuestario 2006.

Como prezos unitarios máximos para cada unha das prestacións obxecto do contrato rexiran os seguintes:

1.- Por tramitación de 901.

- 1.1. Sen requerimento de documentación complementaria por unidade urbana 9,00 euros (IVE incluído).
- 1.2. Con requerimento de documentación complementaria por unidade urbana 12,00 euros (IVE incluído).

2. Por tramitación de 902 .

- 2.1. En parcela de ata 10 unidades urbanas, por cada unidade 55 euros (IVE incluído).
- 2.2. En parcelas de máis de 10 unidades urbanas, por cada unidade urbana que exceda de 10: 41 euros (IVE Incluído).

3. Por cada notificación realizada:

3.1. Notificadas no prazo de 60 días e entregadas no servizo de Xestión CATASTRAL Delegada do concello de Vigo antes dos 70 días será de 2,20 euros (IVE incluído). Supostos 7.1, 7.2, 7.3 e 7.4 do apartado 7 da cláusula II do prego e condicións técnicas.

3.2. Entregadas antes dos 70 días no Servizo de Xestión Catastral Delegada do concello pero dos supostos 7.5 e 7.6: 1,10 euros (Ive incluído).

3.3. Entregadas con posterioridade:

- a) 0,90 euros (IVE Incluído) as dos supostos 7.1, 7.2, 7.3 e 7.4 da cláusula II do prego de condicións técnicas.
- b) 0,40 euros (IVE incluído) as dos supostos 7.5 e 7.6 da cláusula II do prego de condicións técnicas.

3.4. As que deben ser notificadas por correo por seren de fora do municipio pagaranse a 2,60 euros (IVE incluído).



Concello de Vigo

Contratación

Na presente contratación enténdese que os licitadores, ó formularen as súas propostas económicas, inclúen nas mesmas o importe do Imposto de Valor Engadido (IVE).

Por tratarse dun expediente que pode comportar gasto de carácter plurianual o mesmo subordinase ó crédito que durante o prazo contractual autorice o respectivo presuposto conforme ó previsto no nº 1 do artigo 174 do Texto refundido da Lei de Facendas Locais.

3.- REVISIÓN DE PREZOS.

Procederá a primeira revisión de prezos transcurrido un ano dende a data de inicio do contrato e recollerá a variación experimentada polo IPC nacional no periodo que medie entre a data de revisión e a de apertura de proposicións económicas.

As seguintes revisións faranse transcurrido un ano dende a inmediata anterior e recollerán a variación que experimente o IPC nacional no periodo comprendido entre a data de revisión de prezos e a da revisión inmediatamente anterior.

4.- PAGAMENTO DO CONTRATO.

1.O pagamento dos servizos efectivamente realizados aboarase ó adxudicatario por mensualidades vencidas mediante a presentación da correspondente factura.

2. En canto ós prazos de pagamento estarase ó disposto no artigo 99 do Real decreto legislativo 2/2000 de 16 de xuño.

5.- PRAZO DE EXECUCIÓN.

O contrato terá unha duración de dous anos dende o día primeiro do mes seguinte a aquel no que se asine o contrato en documento administrativo e poderase prorrogar por períodos anuais ate un máximo de dous, previo acordo expreso do órgano de contratación.

Tanto o Concello como o contratista poderán denunciar a vixencia do contrato cunha antelación mínima de cinco meses o vencemento do contrato ou e calquera as súas prorrogas.

6.- MEDIOS HUMANS.

1. Os concursantes indicarán nas súas ofertas o número e categoría laboral das persoas que, no caso de resultar adxudicatarios, destinarán á prestación dos servizos obxecto do contrato.



Concello de Vigo

Contratación

2. Será de aplicación en canto a medios persoais e o seu perfil o disposto no prego de prescricións técnicas.

3. O persoal que realice os traballos contratados terá dependencia laboral única e exclusivamente do contratista, quen asume respecto a eles todo tipo de obrigas laborais, de seguridade social e de seguridade e saúde laboral, así como no seu caso fiscais.

4. A empresa adxudicataria soamente poderá recurrir a contratación de persoal a través das empresas de traballo temporal en casos excepcionais e esporádicos que deberán ser suficientemente xustificados e autorizados polo Alcalde do Concello de Vigo.

7.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR.

Terán capacidade para contratar, as persoas físicas e xurídicas a finalidade o actividade das cales teña relación directa co obxecto do contrato e dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato, sempre que teñan plena capacidade de obrar, non se atopen nalgunha das prohibicións que sinala o artigo 20 do Real decreto legislativo 2/2000, de 16 xuño e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica.

Cando se trate de persoas suxeitas á Lei 53/1984, de 26 de decembro, deberán acreditarse previamente á sinatura do contrato a concesión da correspondente compatibilidade, así como o seu sometemento á normativa de incompatibilidade vixente no momento da contratación. Os licitadores non poderán estar percibindo remuneración periódica da Administración Central, Institucional ou Local, en calidade de funcionario ou contratado.

8.- CLASIFICACION DO CONTRATISTA.

Non se esixe.

9.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

As proposicións presentaranse na oficina do Rexistro Xeral, de 9 a 13 horas, ou por correo na forma legalmente establecida, dentro do prazo dos quince días naturais seguintes á publicación do último anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia ou no Diario Oficial de Galicia.

10.- PROPOSICIONS E MODELO



Concello de Vigo Contratación

As propostas presentaranse en dous sobres pechados, que tamén poderán ser lacrados e precintados, que levarán os seguintes datos a) " SERVICIO PARA A EXECUCIÓN DAS CLAUSULAS 2ª, 3ª, 5ª E 8ª DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO ASINADO O 20-12-2001 NO AMBITO DA PONENCIA DE VALORES PARCIAL DO ANO 2003 b) Nome do contratista, c) lugar, data e sinatura do licitador.

Sobre 1, titulado "Documentación administrativa", conterá o seguinte:

- a) Documento nacional de identidade da persoa asinante da proposición.
- b) Persoas xurídicas: Escritura de constitución ou modificación, se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fora esixible conforme a lexislación mercantil aplicable.
- c) Escritura de poder se actúa en representación doutra persoa, debidamente bastantada polo secretario da Corporación ou funcionario habilitado da Corporación, con anterioridade á data de fin do prazo de presentación de proposicións.
- d) Declaración responsable do licitador, co seguinte contido:

- 1.- Non incorrer en ningunha das prohibicións previstas no artigo 20 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño.
- 2.- Estar dado de alta no imposto de actividades económicas cando exerzan actividades suxeitas ó imposto reguladas polo Real Decreto 1175/1990.
- 3.- Estar ó día nas súas obrigas tributarias co alcance previsto nos artigos 13,15 e 16 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro.
- 4.- Estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas de Seguridade Social co alcance previsto nos artigos 14,15 e 16 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro.
- 5.- Non ter débedas de carácter tributario co Concello de Vigo.

O que resulte adxudicatario, deberá presentar os xustificantes acreditativos do cumprimento dos requisitos contidos nos números 2, 3, 4 e 5 da súa declaración, no prazo máximo dos cinco días hábiles seguintes a aquel no que se lle notifique.

- e) Acredita-la solvencia económica e financeira en calquera das formas prevista no artigo 16 do Real decreto lexislativo 2/2000 de 16 de xuño.
- f) **Documentos que acrediten a solvencia técnica en calquera das formas previstas no artigo 19 do Real decreto lexislativo 2/2000 de 16 de xuño. Os documentos acreditativos da solvencia técnica terán que se presentar sempre no sobre 1 aínda que documentos similares foran esixidos no sobre 2.**
- g) Nº de fax, teléfono e dirección a efectos de notificación.

Se as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que porta-la seguinte:



Concello de Vigo

Contratación

a) Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se indican no anexo I do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro.

b) Os contratistas de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económica europeo ademais de acredita-la súa capacidade para contratar e obrigarse conforme a lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presenta-los seguintes documentos:

1- Certificación expedida pola respectiva representación diplomática española na que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

2- Informe da representación diplomática española sobre a condición do estado signatario do acordo sobre contratación pública da organización mundial do comercio ou, no caso contrario, o informe da reciprocidade a que se refire o artigo 23-1º da Lei de Contratos das Administración Públicas.

3- Declaración de sometemento á xurisdicción dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir de contrato, con renuncia, no seu caso ó seu foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidera corresponder ó licitante (artigo 79.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 18 de xuño.)

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

Especialidades en relación coas unións temporais de empresarios.

1.- Cada un dos empresarios que a integran deberá acredita-la súa capacidade de obrar e solvencia, conforme ós apartados anteriores.

2.- Será necesario presenta-lo documento acreditativo do nomeamento dun representante ou apoderado único con bastantes facultades para exercer-los dereitos e cumprir-las obrigas derivadas do contrato.

3.- Só no caso de resultar adxudicataria a unión, deberá de acredita-la súa constitución en escritura pública.

Tódolos documentos citados terán que ser orixinais ou fotocopias dilixenciadas notarialmente ou polo Secretario Xeral do Concello ou funcionario habilitado ó efecto, nas que conste que foron verificadas cos seus orixinais.



Concello de Vigo Contratación

Sobre 2, titulado “Documentación técnica e proposta económica”, conterà a seguinte:

- 1.- Experiencia na execución de traballos similares ó obxecto, con acreditación oficial de presentación dos mesmos, expresando os lugares e datas de execución. (Acreditárase documentalmente achegando a resolución ou acordo de adxudicación do órgano contratante ou comunicación da empresa de non tratarse de organismo administrativo, con indicación do prezo do contrato e prazo de execución, e infome no que conste terse realizado o servizo satisfactoriamente).
- 2.- Plan de traballo ou memoria detallada de procedementos e tarefas propostas para o cumprimento do contrato.
- 3.- Organigrama xeral que permita de forma clara poder valorar a organización prevista para a realización do servizo, indicando o persoal do que disporá en cada momento.
- 4.- Medios materiais que ofertan para prestación do servizo.
- 5.- Proposta da coordinación dos diferentes servizos e calquera outro documento ou información que sexa solicitado neste prego, no de bases técnicas ou que o licitador considere conveniente presentar e teña relación co obxecto do contrato.

6.- Oferta económica, de acordo co seguinte modelo:

D., con D.N.I. nº, en nome propio (ou en representación de), enterado do concurso para a prestación da SERVICIO PARA A EXECUCIÓN DAS CLAUSULAS 2ª, 3ª, 5ª E 8ª DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO ASINADO O 20-12-2001 NO AMBITO DA PONENCIA DE VALORES PARCIAL DO ANO, solicita a súa admisión ó mesmo e fai constar:

- 1.- Que acepta íntegramente os pregos de bases técnicas e condicións administrativas
- 2.- Propón como prezos unitarios para o Lote A os seguintes:
 - a)- Por tramitación de 901.
Sen requerimento de documentación complementaria por unidade urbana euros (IVE incluído).
Con requerimento de documentación complementaria por unidade urbana euros (IVE incluído).
 - b)- Por tramitación de 902 .



Concello de Vigo Contratación

En parcela de ata 10 unidades urbanas, por cada unidade euros (IVE incluído).
En parcelas de máis de 10 unidades urbanas, por cada unidade urbana que exceda de 10:
..... euros (IVE Incluído).

c)- Por cada notificación realizada:

- Notificadas no prazo de 60 días e entregadas no servicio de Xestión CATASTRAL Delegada do concello de Vigo antes dos 70 días será de euros (IVE incluído).
Supostos 7.1,7.2, 7.3 e 7.4 do apartado 7 da cláusula II do prego e condicións técnicas.

- Entregadas antes dos 70 días no Servicio de Xestión Catastral Delegada do concello pero dos supostos 7.5 e 7.6: euro (Ive incluído).

- Entregadas con posterioridade:

..... euros (IVE Incluído) as dos supostos 7.1, 7.2, 7.3 e 7.4 da cláusula II do prego de condicións técnicas.

..... euros (IVE incluído) as dos supostos 7.5 e 7.6 da cláusula II do prego de condicións técnicas.

- As que deben ser notificadas por correo por seren de fora do municipio pagaranse a euros (IVE incluído).

3.-.- Propón como prezos unitarios para o Lote B os seguintes:

a)- Por tramitación de 901.

Sen requerimento de documentación complementaria por unidade urbana euros (IVE incluído).

Con requerimento de documentación complementaria por unidade urbana euros (IVE incluído).

b)- Por tramitación de 902 .

En parcela de ata 10 unidades urbanas, por cada unidade euros (IVE incluído).

En parcelas de máis de 10 unidades urbanas, por cada unidade urbana que exceda de 10:
..... euros (IVE Incluído).

c)- Por cada notificación realizada:



Concello de Vigo

Contratación

- Notificadas no prazo de 60 días e entregadas no servizo de Xestión CATASTRAL Delegada do concello de Vigo antes dos 70 días será de euros (IVE incluído). Supostos 7.1, 7.2, 7.3 e 7.4 do apartado 7 da cláusula II do prego e condicións técnicas.

- Entregadas antes dos 70 días no Servizo de Xestión Catastral Delegada do concello pero dos supostos 7.5 e 7.6: euro (Ive incluído).

- Entregadas con posterioridade:

..... euros (IVE Incluído) as dos supostos 7.1, 7.2, 7.3 e 7.4 da cláusula II do prego de condicións técnicas.

..... euros (IVE incluído) as dos supostos 7.5 e 7.6 da cláusula II do prego de condicións técnicas.

- As que deben ser notificadas por correo por seren de fora do municipio pagaranse a euros (IVE incluído).

Lugar, data e sinatura do licitador.

11.- GARANTIA PROVISIONAL.

Dispénsase a súa presentación.

12.- APERTURA DE PLICAS

A apertura de proposicións presentadas terá lugar ás dez horas trinta minutos do primeiro luns seguinte o día que remate o prazo de presentación de proposicións, na Casa Consistorial e ante a mesa de contratación do concello de Vigo. Se coincidise en día non hábil o de apertura de proposicións ou se por causas de forza maior non puidera celebrarse, esta terá lugar o primeiro día hábil seguinte.

A Mesa calificará previamente os documentos presentados en tempo e forma no primeiro sobre, podendo se observare defectos materiais na documentación presentada, conceder un prazo non superior os tres días para que o licitador subsane o erro, neste caso fixarase nova data para a apertura do sobre que contén a proposición económica unha vez transcurrido o prazo otorgado para a subsanación de erros. Se a documentación fose correcta procederase á apertura do segundo sobre das disposicións admitidas.

13.- CRITERIOS DE ADXUDICACION.

A adxudicación do concurso farase tendo en conta os seguintes criterios:



Concello de Vigo Contratación

1. Plan de traballo e memoria detallada de procedementos e tarefas propostas para o cumprimento de contrato. Este criterio valorarase ata un máximo de 50 puntos da seguinte forma:

1.1. Tramitación de 901. Outorgarase por este apartado un máximo de 15 puntos valorando os seguintes extremos:

1.1.1. Procedemento administrativo.

1.1.2. Aplicación informática.

1.1.3. Atención personalizada ó contribuínte e comprobación de campo, no seu caso.

1.2. Tramitación de 902. Outorgarase por este apartado un máximo de 20 puntos valorando os seguintes extremos:

1.2.1. Procedemento administrativo.

1.2.2. Aplicación informática.

1.2.3. Atención personalizada ó contribuínte e comprobación de campo, no seu caso.

1.3 Notificación de Acordos da Xerencia Territorial do Catastro. Outorgarase por este apartado un máximo de 15 puntos valorando os seguintes extremos:

1.3.1. Procedemento tributario.

1.3.2. Medios.

1.3.3. Mecanismos de seguimento e control.

2. Melloras e complementos obxecto do contrato. Ata un máximo de 25 puntos da seguinte forma:

2.1. Tarefas complementarias para trámite de 901 (que excedan as definidas como necesarias na cláusula II do Prego de Condicións Técnicas no relativo a tramitación de 901). Ata 5 puntos.

2.2. Tarefas complementarias para trámite de 902 (que excedan as definidas como necesarias na cláusula II do Prego de Condicións Técnicas no relativo a tramitación de 902). Ata 15 puntos.

2.3. Tarefas complementarias para procedemento de notificación (que excedan as definidas como necesarias na cláusula II do Prego de Condicións técnicas no relativo a procedemento de notificación). Ata 5 puntos.



Concello de Vigo

Contratación

3. Oferta económica mais vantaxosa. Este criterio valorarase ata un máximo de 10 puntos.

Aplicarase de forma proporcional á redución de prezos proposta.

14.- ADXUDICACION

Corresponderá a adxudicación definitiva á Xunta de Goberno Local do concello de Vigo, a tal fin, resolverá en orde á proposición máis ventaxosa, tendo en conta os criterios da cláusula anterior

15.- GARANTIA DEFINITIVA

O adxudicatario deberá constituí-la fianza definitiva no prazo de quince días hábiles seguintes ó do recibo da notificación de adxudicación, polo importe do catro por cento do prezo do contrato.

16.- FORMALIZACION DO CONTRATO

O contrato que se derive da presente licitación será formalizado en documentos administrativo, puidéndose elevar a documento notarial se calquera das partes o solicita, debendo neste caso seren de conta de quen o solicite os gastos que se deriven do outorgamento da escritura.

Se o licitador que resultara adxudicatario presentara á licitación acreditación do Imposto de Actividades Económicas que non lle facultara para o exercicio da actividade na cidade de Vigo terá que acreditar ter cumprido este requisito antes da sinatura do contrato.

No caso de resultar adxudicatario do contrato unha U.T.E., deberá estar constituída previamente á sinatura do contrato.

17.- GASTOS

O adxudicatario estará obrigado a pagar tódolos gastos de publicación de anuncios de licitación en diarios oficiais e medios de comunicación, e os de adxudicación.

Así mesmo, deberá satisfacer tódolos impostos, contribucións e taxas que graven o contrato.

O importe máximo dos anuncios de licitación é de 600 euros.



Concello de Vigo Contratación

18.- DEREITOS E OBRIGAS DO ADXUDICATARIO E DA CORPORACION

1. O adxudicatario está obrigado a:

- a) Executa-los traballos na forma, tempo e condicións establecidas no prego de condicións técnicas, e facilitar ó Concello relación nominal dos operarios que realizarán o traballo.
- b) Cumpri-las disposicións laborais e de Seguridade Social e de prevención de riscos laborais que sexan inherentes a súa condición de empresario do persoal ás súas ordes que presten servizo. A tal efecto está obrigado a presentar con periodicidade mensual os xustificantes de tales obrigas no Rexistro Xeral do Concello.
- c) Responder dos danos e perdas que se orixinen con motivo da execución do servizo, tanto á administración municipal coma a terceiras persoas.
- d) A dotación do material necesario e sempre de acordo co proposto polo adxudicatario para a prestación do servizo en especial os medios materiais, uniformidade, etc.
- e) Subscribir unha póliza de responsabilidade en contía mínima de 60.000 euros para cubri-las contingencias que se puideran producir pola prestación do servizo.
- f) Cumprir ademais das expresadas cantas outras obrigas lle veñan impostas en relación co obxecto do contrato por precepto legal ou regulamentario.
- g) Entregar no Concello a relación do persoal, con indicación da súa categoría profesional e demais circunstancias, así como as modificacións que se produzan.
- h)** O cumprimento do disposto na Ordenanza de normalización lingüística do Concello publicada no BOP de 17 de maio de 1989 e os criterios para a súa aplicación, aprobados por acordo da Comisión de Goberno de 5 de xuño de 1998, documentos que se inclúen no expediente.
- i)** Cumplir coas obrigas que sobre a protección de datos se sinalan na cláusula III do prego de condicións técnicas particulares.
- j)** **Antes do inicio dos traballos o contratista terá que acreditar por escrito ante esta administración as seguintes circunstancias de acordo co artigo 10 do Real Decreto 171/2004 de Coordinación de actividades empresariais:**
 - **Que o contratista e as súas subcontratas realizaron para a obra obxecto do contrato a avaliación dos riscos e a planificación da súa actividade preventiva.**
 - **Que o contratista e as súas subcontratas cumpriron coas súas obrigas en materia de información e formación respecto dos traballadores que vaian a executa-los traballos.**

2. Son dereitos do adxudicatario:

- a) Percibi-lo importe da adxudicación na contía e forma establecida no presente prego de condicións.



Concello de Vigo Contratación

- b) Dispoñer dunha relación dos locais obxecto do contrato que lle entregará o Concello.
- c) Calquera outro que estea regulamentariamente recoñecido en orde ó obxecto do contrato.

19.- INSPECCIONS E SANCIONS

Corresponde ó Concello a facultade de inspección, control e fiscalización da prestación do servizo. A tal efecto designará á persoa ou persoas a quen se lle encomende esta función sen prexuízo das facultades atribuídas ó Alcalde e restantes Organos Corporativos.

As infraccións que cometa o adxudicatario poderán ser calificadas como moi graves, graves e leves.

Terán a consideración de faltas **MOI GRAVES** as seguintes:

- a) A paralización ou a non prestación do servizo contratado e a interrupción do mesmo, calquera que sexa a súa causa e polo prazo superior a vinte e catro horas, agás en caso de folga legal
- b) A prestación manifestamente irregular do servizo
- c) Non utilización na prestación dos servizos dos medios ofertados
- d) A cesión, subarrendo ou traspaso en todo ou en parte do servizo contratado, baixo calquera modalidade ou título, sen previa autorización expresa do Concello
- e) A acumulación de dúas faltas graves dentro de cada ano, se denunciada e sancionada a primeira se incorrese na segunda.
- f) O incumprimento das obrigas laborais, das de Seguridade Social e de todas aquelas correspondentes a lexislación de traballo, sempre que revistan carácter esencial
- g) O incumprimento das obrigas que sobre protección de datos se sinalan na cláusula III do prego de condicións técnicas.

Terán a consideración de faltas **GRAVES** as seguintes:

- a) O retraso na prestación do servizo de forma non reiterada nin sistemática
- b) A interrupción do servizo por calquera causa que sexa por prazo non superior ás vinte e catro horas, agás en caso de folga legal
- c) Os incidentes habituais, a incorrección e descortesía do persoal do servizo co público
- d) A inobservancia das prestacións sanitarias ou incumprimento de ordes sobre evitación de situacións insalubres, perigosas ou que provoquen incomodidades
- e) A desobediencia por dous ou máis veces, das ordes dadas ó adxudicatario pola Administración Municipal
- f) A percepción polo adxudicatario ou por persoal do servizo de calquera remuneración ou contraprestación dos usuarios pola prestación do servizo, sempre que neste último caso apercibido o adxudicatario, non adopte as necesarias medidas para evitalo



Concello de Vigo Contratación

- g) A reiteración na comisión de faltas leves, sempre que sexan da mesma natureza
- h) Todas aquelas que implicando un incumprimento das obrigas non corresponda a calificación de moi graves e que pola súa natureza non deban estar comprendidas entre as leves
- i) O non repoñe-lo material afecto ó servizo ou non mantelo en bo estado
- j) A contratación de persoal a través de empresas de traballo temporal de forma habitual e sen que medien causas excepcionais autorizados polo Concello.

Terán a consideración de faltas LEVES as seguintes:

- a) A mera interrupción do servizo
- b) O retraso inxustificado nunha hora respecto ó horario de comezo do servizo
- c) A mera imperfección non reiterada na prestación dos servizos
- d) Calquera outro incumprimento non calificado de falta grave ou moi grave

Sancións

Polas faltas moi graves a Comisión de Goberno podera impoñer sanción comprendida entre 3000,01 € e 6.000 € ou rescindi-lo contrato, previa a tramitación do correspondente expediente administrativo, con audiencia ó adxudicatario. Igualmente serán causas de resolución do contrato as previstas na lexislación de contratos das Administracións Públicas.

Acordada por calquera dos motivos citados a resolución do contrato, o adxudicatario perderá o dereito a seguir percibindo a prestación ou compensación económica algunha con cargo os fondos municipais, coa conseguinte perda da fianza constituída e de calquera indemnización por danos e prexuízos co gallo de tal rescisión.

As infraccións graves sancionaranse con multa comprendida entre 500,01 € e 3.000 €

As infraccións leves, cúa imposición compete o Alcalde, sancionaranse con apercibimento e imposición de multa de ata 500,00 €

As sancións serán independentes da reparación do dano causado e da indemnización de perdas a que houbera lugar, en caso de incumprimento na prestación dos servizos.

As sancións imporanse previa incoación do correspondente expediente sancionador, do que se dará traslado ó adxudicatario por un prazo non inferior a dez días, a fin de que poida formular alegacións e propoñe-las probas que estime pertinentes.

A resolución do expediente sancionador corresponderá a Xunta de Goberno Local.



Concello de Vigo

Contratación

O importe das sancións será descontado ó contratista no intre de efectuarse o pagamento mensual da cantidade que lle corresponda percibir pola prestación dos servizos obxecto do contrato, sen prexuício da exacción por vía de apremio administrativo se fose preciso.

20.- REXIME XURIDICO

Para o non previsto neste prego de condicións estarase ó disposto na Lei de Bases de Réxime Local, R.D.L. 781/1986, de 18 de abril; Lei de administración local de Galicia, Real decreto lexislativo 2/2000 de 16 de xuño; Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, e demais disposicións administrativas ou de dereito privado que resulten de aplicación.

21.- RESPONSABILIDADE. DANOS

Será pola conta do contratista a responsabilidade derivada de tódolos danos, prexuízos e accións de calquera natureza que sexan ocasionados a terceiras persoas polo seu persoal, a súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos realizados.

Tamén responderá civil, e, se é o caso, penalmente dos danos causados á administración contratante como consecuencia dos vicios ocultos na prestación do servizo.

Vigo, 21 de xuño de 2004.

O xefe de negociado,

José Manuel Vieites Alén



Concello de Vigo
Contratación